



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «Toma de posesión novo Concelleiro e elección novo Alcalde»
Data	22 de agosto de 2018
Duración	Desde as 17:00 ata as 17:35 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	TERESA PUGA IGLESIAS
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asiste a **Adxunta a Secretaría dona M.^a Dolores Fernández Salgado.**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación do carácter urxente da sesión

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Pola **Presidencia** xustifícase a urxencia da sesión pola necesidade de toma de posesión do novo Concelleiro e elección de novo Alcalde.

A **Secretaría municipal** explica que o motivo polo que houbo que convocar este pleno con pouca antelación foi que a credencial orixinal de Don Isidoro Sánchez Blanco recibíuse no día da data no Concello, inda que se esperaba tela recibido o día anterior, sendo necesaria a celebración do pleno de elección de alcalde para asegurar o cumprimento do prazo outorgado polo artigo 40 do ROF.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos** para dicir que non entende a urxencia pois os compañeiros se enteraron pola prensa da data de celebración do pleno antes de recibir a convocatoria, engadindo que puidera terse convocado este pleno aínda que se recibise máis tarde a credencial.

A **Secretaría municipal** indica que é recomendación da Xunta Electoral que no momento de proceder á votación de Alcalde a corporación estea completa, e que para a toma de posesión do novo Concelleiro é precisa a credencial orixinal.

A continuación a **Sra. Elvira Lama Fernández** realiza un breve resumo do

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

informado por Secretaría, manifestándose a favor da urxencia aínda que matizando que nos informes de Secretaría non se deben facer consideracións políticas.

Por último intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** para indicar que se manifestará a favor da urxencia aínda que o prazo venza ó día seguinte, para que a xestión do concello non se dilate máis e os veciños e veciñas non sigan véndose prexudicados.

Finalmente, a **urxencia resulta aprobada por unanimidade**.

Expediente 5235/2018. DESIGNACION E TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO SUBSTITUTO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Tenente-Alcalde dona Teresa Puga Iglesias á vista da documentación relacionada no informe de Secretaría procede á toma de xuramento do candidato **D. Isidoro Sánchez Blanco**, coa seguinte fórmula: «¿Xurades pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Xinzo de Limia con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?». O Candidato responde afirmativamente, utilizando a fórmula (sí xuro).

A continuación dáse posesión do cargo de Concelleiro a **D. Isidoro Sánchez Blanco**.

ELECCION DE ALCALDE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que, con data 06/08/2018, presentouse renuncia de **D. Manuel López Casas** aos cargos de Alcalde e Concelleiro.

Visto o informe de Secretaría de data 22/08/2018, do seguinte teor literal:

“Visto que, con data 6 de agosto de 2018 o titular da Alcaldía presentou renuncia ó cargo de Alcalde e Concelleiro.

Visto que tomado coñecemento pola Corporación na sesión de data 8 de agosto de 2018 solicitouse á Xunta Electoral Central a expedición da correspondentes credencial do candidato chamado a substituír ó que renunciou.

Visto que con data 9 de agosto de 2018 D. Luís Veloso Rodríguez, candidato seguinte da Candidatura do Partido Popular, declarou a súa intención de non tomar posesión como concelleiro da Corporación de Xinzo de Limia.

Visto que o candidato seguinte da Candidatura do Partido Popular é D. Isidoro Sánchez Blanco.

Visto que, con data 22/08/2018, se recibiu da Xunta Electoral a credencial acreditativa da

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, don Isidoro Sánchez Blanco.

Visto que, con data 22/08/2018, comunicouse ó candidato á recepción da credencial expedida pola Xunta Electoral Central para que procedera a tomar posesión do cargo de Concelleiro.

Visto que, con data 22/08/2018, don Isidoro Sánchez Blanco aportou na Secretaría deste Concello Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como á declaración dos bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades participadas por elas e das liquidacións dos impostos sobre a renda, o patrimonio e, de ser o caso, sociedades, segundo o modelo normalizado polo Pleno do concello o día 6 de xuño de 2011.

Lexislación e informes da Xunta Electoral Central aplicables

- Os artigos 182, 184, 196 y 198 de la Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

- Os artigos 9.4 y 40 del Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

- O artigo 1 del Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador de la fórmula para toma de posesión de cargos o funciones públicas.

- Acordo da Xunta Electoral Central 95/2001 do seguinte teor literal:

“1º.- Para la elección de nuevo Alcalde, habiendo renunciado a tal cargo el concejal que lo desempeñaba, la sesión deberá ser presidida por el Primer Teniente de Alcalde o, en el presente supuesto, en el que el Primer Teniente de Alcalde es candidato a la Alcaldía, por el Segundo Teniente de Alcalde.

2º.- La constitución de la Mesa de Edad a la que hace referencia el art. 195 de la LOREG se prevé, unicamente, para la sesión constitutiva de la Corporación Municipal, tras la celebración de elecciones locales.”

Procedemento a seguir

1.No prazo dos dez días hábiles seguintes á toma de coñecemento de renuncia polo Alcalde, deberá celebrarse sesión extraordinaria para a elección de novo alcalde, sendo recomendación da Xunta Electoral Central que no momento da elección a Corporación este completa, polo que previamente á elección deberá tomar posesión o concelleiro seguinte da lista na que figuraba o Alcalde no momento das anteriores eleccións.

2.Ante o Pleno, presidido pola Tenente de Alcalde dona Teresa Puga Iglesias, realizarase a toma de posesión do novo concelleiro, formalizándose na mesma sesión o correspondente xuramento, conforme á fórmula de toma de posesión prevista no artigo primeiro do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas. No acto de toma de posesión, a Tenente de Alcalde formulará o candidato a seguinte pregunta: «¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Xinzo de Limia con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?». O Concelleiro deberá responder afirmativamente, utilizando a fórmula (sí prometo/sí xuro).

3.A continuación procederase á elección de novo Alcalde, podendo ser candidatos todos os Concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, a non ser que renunciem a súa candidatura. Entenderase que encabeza la lista en que figuraba o Alcalde renunciante o seguinte da mesma, a non ser que renuncie á candidatura. Será elixido aquel candidato que obteña a maioría absoluta e, no seu defecto, o candidato da lista máis votada.

4.Proclamado o novo Alcalde, se procederá a tomar xuramento do cargo consonte á seguinte fórmula «¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Xinzo de Limia con lealdade ao Rei, e gardar e facer

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?», debendo de responderse afirmativamente, utilizando a fórmula (sí prometo/sí xuro) para posteriormente dar posesión do cargo. ». Seguidamente farase entrega do bastón ó Alcalde quen pasará a presidir dende ese momento a sesión. (...)"

A **Sra Teresa Puga Iglesias** indica que a continuación se procederá á elección de novo Alcalde, podendo ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas, a non ser que renunciem á súa candidatura. Entenderase que encabeza a lista en que figuraba o Alcalde renunciante o seguinte da mesma, salvo que renuncie á candidatura. Será elixido aquel candidato que obteña a maioría absoluta e, no seu defecto, o candidato da lista máis votada.

O **Sr Manuel Pérez Campos** solicita que se lle dea a palabra para defender a súa candidatura. A continuación expón que vai presentar candidatura porque non pode apoiar a candidatura de don Manuel Cabas presentada polo Grupo Municipal Popular. Ademais o seu grupo municipal lamenta o espectáculo que se está a dar no Concello. Anuncia que a continuación realizará un repaso do que o grupo de goberno leva feito no Concello. En primeiro lugar di que cando afirmaba que había unha débeda que superaba o permitido, era tildado de mentirán, pese a que esta débeda superou os 11.000.000 de euros nos anos 2009 e 2010, engadindo que o incremento da débeda non se utilizou para financiar inversión senón para pagar débedas preelectorais, e que se subiron os impostos por enriba do 60%. Manifesta que diminuíu a poboación e non só por falecementos senón porque a xente marchou por falta de oportunidades. Engade que son máis as empresas que se van que as que chegan, e por outra banda só se presta axuda ás grandes distribuidoras, de feito, as empresas do polígono industrial solicitaron rotonda e non se fixo ata que o solicitou unha gran distribuidora. Manifesta que non hai rúa de Xinzo que estea en perfecto estado, que, os parques e prazas están nunha situación calamitosa e que as piscinas exteriores foron arranxadas a medias despois dun par de denuncias. Di ademais que se visitamos os pobos a cousa aínda é peor. Ó seu criterio, só se fan os actos culturais que veñen dados por outras administracións. Expón que o Museo do Entroido está pechado, que o Albergue de Peregrinos non da documentos que acrediten o paso por Xinzo, que hai unha carencia de atención en Servizos Sociais, que se perderon efectivos en sanidade e que hai pouca oferta formativa de FP. Engade que son case corenta as mocións presentadas por Xinzo Adiante, e pese a ser moitas delas aprobadas por unanimidade están metidas nun caixón. Por último ofrece para ser alcalde de consenso e unión.

A continuación intervén a **Sra. Elvira Lama Fernández** para indicar que presenta a súa candidatura ó igual que no ano 2015 engadindo que non hai ningún outro Concello que tivera tres alcaldes do mesmo partido en tan pouco prazo e que estamos a perder o precioso tempo dos veciños. Considera, en canto a Concellería de Medio Rural que os pobos non están ben desbrozados, que as pistas de concentración son intransitables e que os pontes sobre o río que conectan as distintas pistas agrícolas están en mal estado. Por outra banda, en canto a Concellería de Medio Ambiente, sente vergoña de ver como están os parques, rúas, e zonas de ocio polo que lle dan envexa os pobos limítrofes. Lembra que en Servizos Sociais votouse por necesidade e urxencia unha

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

partida orzamentaria para atender as persoas antes do verán, habendo votado o grupo municipal socialista a favor. Manifesta, en canto á Sanidade, que o “futurible” alcalde sabe de sobra as carencias do centro de saúde. En Cultura, considera que a programación non existe agás nas festas e eventos que organizan as distintas asociacións privadas. Engade, en canto ó persoal, que estivemos sen policía local un sábado pola tarde, e un domingo pola tarde, polo que habería que contratar auxiliares. Por último, manifesta que como o partido socialista ten e terá un proxecto diferente para este pobo, presenta candidatura.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** di que presenta a candidatura por respecto á xente que lle acompañou e por respecto ós veciños e veciñas de Xinzo que o votaron. Ademais por sorte xa falta pouco para as eleccións do vindeiro ano e espera que os veciños aposten por un cambio, e que pasemos a ser un Concello líder e modélico.

Polo tanto, as **candidaturas son as seguintes:**

D. Manuel Cabas López. (PP)

Dona Elvira Lama Fernández. (PSOE)

Don Manuel Pérez Campos. (XINZO ADIANTE)

Don Ramiro Rodríguez Suárez.(GRUPO MIXTO-BNG)

Tras a proclamación dos/as candidatos/as, a Sra. Presidenta indica aos/ás Sres./as. Concelleiros/as electos/as que se procederá a realizar votación secreta segundo o solicitado polo Concelleiro Xosé Miguel Barrios Rodríguez, mediante escrito presentado no rexistro en data 22/08/2018 con número 5877.

Seguidamente, celébrase a votación co seguinte resultado:

- **Votos a favor de D. Manuel Cabas López, do Partido Popular (PP): 9**
- **Votos a favor de D^a Elvira Lama Fernández (PSdeG-PSOE): 4**
- **Votos a favor de D. Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante, Candidatura Veciñal (PDD) (XA): 3**
- **Votos a favor de D. Ramiro Rodríguez Suárez (BNG): 1**

En consecuencia, sendo 17 o número de Concelleiros e 9 a maioría absoluta legal, resulta proclamado Alcalde do Concello de Xinzo de Limia, D. Manuel Cabas López cabeza de lista do Partido Popular.

TOMA DE POSESIÓN DO NOVO ALCALDE

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Para proclamar Alcalde a D. Manuel Cabas López, por 9 (nove) votos a favor, ao haber obtido a maioría absoluta, procédese a realizar o xuramento ou promesa, coa

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xunzo de Limia

forma establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

A continuación o Sr. Presidente da sesión, pregunta:

«¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Xunzo de Limia con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?». (Si xuro).

Con elo queda proclamado Alcalde D. Manuel Cabas López quen toma posesión do seu cargo neste acto, pasando a presidir a sesión e pronunciando o seguinte discurso:

"Buenas tardes a todos y a todas.

Mi primer saludo a los compañeros que formais esta Corporación, y en particular al compañero Isidoro que acaba de incorporarse.

Este proyecto comenzó en el año 2015 con un grupo formado por una lista de personas, que fueron las que, el pueblo de Xunzo, con sus votos, facultaron para encargarse de dirigir los destinos de nuestro ayuntamiento.

Durante este período de tiempo y por motivos personales, dos componentes de la lista, que en su momento ejercieron su labor como alcaldes, han dado paso a otros, y de entre los cuales ahora me toca a mí continuar esta labor que adquirimos con la ciudadanía.

Este hecho no cambia ni la dirección, ni el rumbo, ni por supuesto los objetivos marcados en aquel momento.

El proyecto está presentado desde aquella fecha, y a mí simplemente me queda concluirlo al frente de este grupo de gobierno con el apoyo que solicito de antemano a todos los miembros de la corporación.

Estoy abierto a cualquier idea y por supuesto a cualquier crítica constructiva, que no haga otra cosa más que redundar en el bienestar de los vecinos y vecinas de nuestro municipio.

Muchas gracias."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE